

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE DE XANEIRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
Escusa asistencia D^a: LUCÍA GONZÁLEZ LOURO

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte de xaneiro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Dáse conta da acta da sesión trece de xaneiro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 31/09 de don Daniel Doejo Paz

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para a construción dun cerramento con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 15 mts de lonxitude, no lugar de Trasariz, en solo de núcleo rural (N1)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: o peche situarase a 5 mts de distancia do eixe do camiño; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts, podendo acadar os 1,80 mts a base de tea metálica e vexetación



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.2.- Instancia num. 29/09 de don Nitino González Canicoba

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción dun cerramento, con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 52 mts de lonxitude, no lugar de Fornelos, en solo de núcleo rural (N1)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: o peche situarase a 5 mts de distancia do eixe dos viais, agás no tramo coincidente coa finca singular (N3) no que deberá situarse a 10 mts en paralelo ó linde da citada finca; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts, podendo acadar os 1,80 mts a base de tea metálica e vexetación

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e dous euros con trinta e cinco céntimos (#32,35#)

2.3.- Instancia num. 2.430/08 de don José López Tato

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación do tellado da súa vivenda situada en Neira de Arriba, en solo de núcleo rural (N1), nuha superficie aproximada de 158 m².

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma (incluídas as vigas ou viguetas da cuberta) e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa coma a do cumio, así como as pendentes dos faldróns, non permitíndose a apertura de novos ocos; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de centro tres euros con sesenta e oito céntimos (#103,68#)

2.4.- Instancia num. 2.431/08 de don Manuel Penas dos Santos



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no revestimento das fachadas, situada en Vista Alegre, en solo rústico de especial protección de augas (R-5)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se producirán variacións na composición dos ocós das fachadas; non se empregarán como material de acabado revocos de morteiro de cemento na súa cor natural ou outros non aptos para ser vistos, debéndose pintar neste caso; en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal corerspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e tres euros con cincuenta e catro céntimos (#93,54#)

2.5.- Instancia num. 1.735/06 de Vilarpiñeiro, S.L


Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, solicita licenza para a o acondicionamento de parcela para exposición de esculturas e rehabilitación de fachada de taller existente, situados en Vilarpiñeiro, en solo de expansión de núcleos rurais (N2), segundo a memoria presentada redactada polo arquitecto don Carlos Otero Schmitt

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa coma a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; non se abrirán novos ocós en cuberta e fachada; minimizaranse os movementos de terra, que serán nulos nunha franxa de 3,00 mts de separación cos lindeiros; a altura máxima dos muretes de contención será de 1,00 mts, e en caso contrario deberase achegar proxecto técnico visado e o oficio de dirección; en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal corerspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil novecentos catro euros con cincuenta céntimos (#1.904,50#)

3º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza definitiva para laboratorio de ensaios de control de calidade

Logo de acreditado no expediente instruído para o efecto, e segundo instancia núm. 1471/08, presentada por don Diego Rodríguez Bollón en representación de Inzamac Asistencias Técnicas, S.A., que se cumpriron os trámites e requisitos



esixidos polo Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas de 30 de novembro de 1961 e Disposicións complementarias, para instalación de LABORATORIO DE ENSAIOS DE CONTROL DE CALIDADE, en edificio sito na parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, deste termo, actividade para a que se concedeu licenza provisional con data vinte e oito de novembro de dous mil oito.

Tendo en conta o escrito presentado por don Diego Rodríguez Bollón (RXE 49/09), no que expoñen que tendo en conta que a nave na que se instala a actividade se atopa nun solo cualificado polo vixente PXOM como Solo Urbanizable Non Delimitado (SUND-7), renuncian a indemnización en caso de desenvolvemento do mencionado solo urbanizable e que o uso autorizado para Laboratorio de ensaios de control de calidade, sexa incompatible cos usos posibles no ámbito do mencionado SUND-7.

En uso das facultades conferidas, a Xunta de Goberno Local, acorda concederlle, en precario, a licenza definitiva para pór en funcionamento a mencionada actividade, que deberá ser expedida pola Secretaría deste concello, e serviralle ó interesado como documento acreditativo desta concesión. Todo iso sen prexuízo das demais autorizacións preceptivas doutros organismos en cumprimento das respectivas lexislacións sectoriais de aplicación.

4º.- Acordo, se procede, sobre cambio de titularidade de licenza de actividades

Vista a solicitude núm. 51/09 presentada por don Joaquín Bouzas Bouzas en representación de Talaga, S.L. para transmitir a favor de don Manuel D. Fontela Ríos en representación de EMPRESA DE SERVICIOS AGRARIOS ULLA-SALNÉS, S.L. a titularidade da licenza de actividade para FABRICA DE PREPARACIÓN INDUSTRIAL DA MADEIRA sita no lugar de Rozadela da parroquia de San Mamede de Ribadulla, deste termo,

Considerando que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 24 de xullo de 1997 e que se cumpren os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a transmisión solicitada, a favor de EMPRESA DE SERVICIOS AGRARIOS ULLA-SALNÉS, S.L., sen prexuízo das restantes autorizacións que, de se-lo caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que determinaron a concesión da licenza no seu día.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascendeu á cantidade de douscentos corenta euros con corenta céntimos (#240,40#) xa ingresada previamente nas arcas municipais, requisito sen o que esta autorización non surtirá efecto ningún.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ó transmitente e ó adquirente.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía



5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data sete de xaneiro do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística respecto das actuacións ilegais que se están a levar a cabo na parcela de dona M^a. Carmen Costa Piñeiro, consistente na construción dun cerramento, no lugar de Paradela

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trece de xaneiro do ano que andamos, polo que se desestima o recurso de reposición interposto por don Jesús Cabo Cutrín

contra acordo da Xunta de Goberno de data 25/11/2008 relativo a expediente de recuperación de ben de titularidade municipal en Sobredo

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catorce de xaneiro do ano que andamos, pola que á vista do escrito presentado por don Antonio Gago Iglesias para continuar prestando servizos na brigada verde unha vez cumpridos os 65 anos de idade, a fin de completar a súa pensión de xubilación, acórdase autorizar a continuación do mesmo ata o 02/02/2010.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trece de xaneiro do ano que andamos, pola que se acorda a prórroga do contrato de don Juan Manuel Tomasetti Rebollo como fisioterapeuta dende o 20/01/2009 ata o fin de servizo

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de xaneiro do ano que andamos, pola que se ordena a demolición das obras levadas a cabo por don Manuel Álvarez Pereiras, consistentes na construción dun cerramento na Lagoa, xa que son incompatibles co planeamento urbanístico, no prazo dun mes

A Xunta de Goberno dáse por enterada


5.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de xaneiro do ano que andamos, pola que se acorda a demolición por parte do concello dun cerramento en Picón -Vilanova, correndo os gastos que de iso se deriven a cargo de don Ramón García Raposo, que se levará a cabo o 18/02/2009 ás 11:00 horas

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6º.- Outros asuntos

6.1.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvencións para as oficinas de información ó consumidor no ano 2009

Dáse conta da Resolución da Consellería de Innovación e Industria do 26 de decembro de 2008, pola que se convoca e regula a concesión de subvencións ás entidades locais para a realización de actividades relacionadas coas oficinas de información ós consumidores para o ano 2009 (DOG num. 5/09, do 8 de xaneiro)



A Xunta de Goberno, ó abeiro da mesma, acorda acollerse ó sistema de axudas regulado na mesma e ó mesmo tempo aprobar a previsión de gastos que se relacionan a seguir:

GASTOS FUNCIONAMIENTO E MANTEMENTO	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA DO CONCELLO	SUBVENCIÓN SOLICITADA
<i>Alugamento</i>	0	0	0
<i>Gastos de persoal contratado</i>	30.000	6.000	24.000
<i>Edición e publicación de material divulgativo</i>	5.000	4.000	1.000
TOTAIS	35.000	10.000	25.000

6.2.- Escrito num. 1/09 da AA.VV San Pedro

Dáse conta do citado escrito no que don Jesús Daniel López Mella e don Manuel Barco Carril, en calidade de Secretario e Presidente da Asociación de Veciños San Pedro de Sarandón expóñen que se acordou a cesión ó concello do anexo á casa da escola para levar a cabo as obras pertinentes incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local segundo a memoria redactada polo arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno, a efectos de execución da citada obra, acorda aceptar a cesión do local polo tempo necesario para levar a cabo as obras, en principio durante catro anos, prorrogables, en caso necesario, por dúas anualidades máis

Conclúe ó fio das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos

